

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 5 de decembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Iglesias Carrera

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día cinco de novembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1638).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de novembro de 2005 e da sesión extraordinaria e urxente do 24 de novembro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1639).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN “CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS”, COMO AXUDA AO DEPARTAMENTO DE ESCUINTLA (GUATEMALA) POLO DESASTRE DO FURACÁN STAN. EXPTE. 02660/101.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 17.11.05, coformado polo concellerio da Área de Xestión municipal e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Recibida nesta Alcaldía solicitude da Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos, con destino a damnificados do furacán Stan, no poblado de Las Trochas, departamento de Escuintla, Guatemala, e de conformidade coa memoria xunta no expediente, faise constar que vistas as especiais circunstancias que concorren na catástrofe humana que se describe, axústase ás condicións para a concesión de subvención con fins humanitarios.

Por isto, e seguindo instrucións da Alcaldía-Presidencia, propónse unha axuda por unha contía de 6.000 euros, con destino á adquisición de utensilios de uso diario, reparación de vivendas e aperos laborais e alimentos das familias perxudicadas polo huracán do estado arriba mentado.

Existe creto suficiente na partida de Alcaldía 111.0.489.00.02 do orzamento vixente.

Por todo o exposto e previo o oportuno informe da oficina de Intervención, propónse á Xunta Local de Goberno a adopción do acordo seguinte:

“Conceder á Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos, unha subvención por un importe de 6.000 euros, con cargo á partida 111.0.489.00.02 do orzamento vixente, e isto con destino á adquisición de utensilios de uso diario, reparación de vivendas e aperos laborais e alimentos das familias perxudicadas polo furacán do departamento de Escuintla (Guatemala)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1640).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 143/2005 INTERPOSTO POR D. DIEGO GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC.DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN COA IMPOSICIÓN DE SANCIÓN POR EXCESO DE VELOCIDADE (EXPTE. 1041742019). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.09.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por Diego Domínguez contra resolución do Concello de Vigo de 22 de febreiro de 2005, desestimatoria de recurso de reposición interposto polo recurrente fronte a resolución de data 30.12.04, dictada no expediente sancionador núm. 1041742019, que impuxo ao mesmo sanción consistente nunha multa de 302 euros por infracción do artigo 19.3 da Lei de Seguridade Vial; resolución que confirmo, ao considerala axustada a dereito. Sen facer expresa imposición de custas procesuais.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido de sentenza, da que deberá darse conta ao departamento municipal de Seguridade, Circulación e Transporte.

4(1641).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 95/2005 INTERPOSTO POR D. DANIEL MOREIRAS RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 256/243). INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta de sentenza de data 12.09.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, interposto contra desestimación presunta da reclamación formulada o día 29.06.04 en concepto de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos sufridos a consecuencia dun accidente a causa de socavón non sinalizado no camiño Verdeal, á altura do seu número 5. A sentenza falla o seguinte:

Declaro inadmisibile o presente recurso, por carencia sobrevida de obxecto, e extemporaneidade da aplicación, interposto pola representación de Daniel Moreiras Rodríguez fronte ao Concello de Vigo que se seguiu como proceso abreviado número 95/05, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, que deberá darse conta ao Departamento Municipal de Patrimonio.

5(1642).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 109/05 INTERPOSTO POR D. ENRIQUE VIÑAS ROMERO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29.01.05 DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 15105/240). ESTIMADO.

Dáse conta de sentenza de data 18.10.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso administrativo interposto por Enrique Viñas Romero contra resolución de data 24 de xaneiro de 2005 da Xunta de Goberno Local, do Concello de Vigo, dictada no expediente 15105/204 de 2002, pola que se acorda “Desestimar a reclamación de don Enrique Viñas Romero por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ao non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito; condenando á Administración demandada a aboar ao actor a suma de 1.277,36 €, polos danos e prexuízos irrogados ao mesmo. Sen condea en costas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

6(1643).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A Nº 133/2005 INTERPOSTO POR Dª. BEATRÍZ COMESAÑA SOUTO CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 351/243). ARQUIVO DO RECURSO.

Dáse conta do auto de data 11.10.05 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Visto o recoñecemento en vía administrativa das pretensións formuladas neste recurso pola parte recorrente, por Resolución municipal de 26.09.2005, acórdase o arquivo do recurso e a conseguinte devolución do expediente administrativo.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Departamento Municipal de Patrimonio.

7(1643).-AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 97/2005 INTERPOSTO POR D. AMADOR FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 28/243). DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 14.10.05 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, interposto por D. Amador Fernández Domínguez contra desestimación por silencio administrativo de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos no seu vehículo a consecuencia do afundimento nun gran charco na estrada da subida á Madroa en dirección Vigo. O auto dispón o seguinte:

“Que debía acordar e acordaba ter a Manuel Lamoso Rey en nome e representación de Amador Fernández Domínguez, por desistido na prosecución do presente procedemento.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, que deberá darse conta ao Departamento Municipal de Patrimonio.

8(1644).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CÁRITAS DIOCESANA TUI-VIGO PARA A SAÚDE E PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS NA XUVENTUDE CIGANA-XITANA. EXPTE. 13066/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 10.11.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, o interventor municipal e co conforme xurídico de técnico da Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración con Cáritas Diocesana de Tui-Vigo para a saúde e prevención de drogodependencias na xuventude cigana-xitana de Vigo, con vixencia ata o 31.12.05 e con unha contraprestación económica por parte do Concello de 15.500€ (quinze mil cincocentos euros).

2º.- Autorizar a sinatura do presente convenio á Delegada da Área de Participación Cidadá, D^a Marta Iglesias Bueno.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CARITAS-DIOCESANA DE TUI-VIGO
PARA A SAÚDE E PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS NA XUVENTUDE CIGANA-GITANA.*

En Vigo, a de de 2005

REUNIDOS

Dunha parte:

Dña. Marta Iglesias Bueno, con DNI. 35.317.924K, Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, con competencias en Benestar Social por nomeamento de data 21/02/05.

Doutra

D. Jaime Barrecheguren Beltrán, Director de Cáritas Diocesana de Tui – Vigo, CIF. Q36003681, con domicilio en Vigo, r/ García Barbón nº 104, en representación da mesma

EXPOÑEN

1.- Que o Concello de Vigo, e particularmente o Departamento de Benestar Social por ser do seu ámbito de competencias, ten manifestado interese polos programas de prevención do consumo de drogas, ademais de traballar na asistencia das persoas drogodependentes a través do Centro Municipal de Drogodependencias (CEDRO), e na inserción sociolaboral de persoas pertencentes a colectivos en situación de risco, centrado no ámbito preventivo, nos anos 1999, 2000, 2001, 2002 e 2003

Estímase apropiado continuar no desenvolvemento destas accións para que non supoñan unha ruptura co traballo xa desenvolto, traballo que no ano en curso ven soportando exclusivamente Cáritas Diocesanas.

2.- Que se ven amosando a necesidade de coordinación e cooperación de tódolos implicados nos eidos de atención da problemática das drogodependencias. Destácase, particularmente, a necesidade dunha aposta decidida a prol dos colectivos marxinais, en situación de risco ou desvantaxe social, como é o caso da poboación xitana e cigana.

3.- Que dende hai tempo se está a traballar con Cáritas Diocesana en proxectos de atención ó colectivo xitano da cidade, particularmente en proxectos de atención social e seguimento, apoio escolar e animación do lecer e tempo libre, dirixidos ós máis novos, ademais de que xa se abordara un programa similar ó que se presenta con motivo da sinatura do presente convenio, nos anos 1998, 1999, 2000, 2001 e 2002.

4.- Que se recoñece por parte do Concello de Vigo a capacidade de dita entidade a través dos profesionais que nela traballan, como os máis idóneos para executar diversos programas en canto a prevención do consumo de drogas coa comunidade xitana de Vigo, atendendo á experiencia amosada.

5.- A Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25 establece que os municipios poden desenvolver, determinadas por Lei, as competencias referidas á participación na xestión da atención primaria de saúde, e á prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social. O artigo 26 da mesma Lei, establece que os Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, están obrigados á prestación de servizos sociais.

6.- A Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais, de Galicia, no seu artigo 17, especifica que son servizos sociais de atención especializada para as minorías étnicas aqueles que procuran o seu benestar e participación activa na vida da comunidade, respectando os seus propios valores e pautas culturais. Indícase que son programas propios destes servizos, entre outros, os de integración escolar, normalización da vivenda e de inserción laboral.

Na mesma Lei, no artigo 16, especificase que son servizos sociais de atención especializada na área de drogodependencias e alcoholismo aqueles que se orientan especificamente ó desenvolvemento de programas de prevención e inserción social de persoas afectadas por calquera forma de toxicomanía.

Son programas propios destes servizos os de información e prevención, axuda e tratamento na familia e cantos outros se deriven da actuación conxunta con outras administracións públicas en planos específicos.

No artigo 21, da repetida Lei, especificase que corresponde ós Concellos a competencia na creación e xestión de servizos sociais especializados de ámbito local.

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo de convenio, acordan subscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Condicións Básicas:

Primeira : Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización dun Programa de Prevención en Drogodependencias cos xoves da Comunidade Xitana de Vigo que xa se veñen realizando por Cáritas Diocesanas enteiramente o seu cargo.

Segunda : Finalidade – A finalidade do convenio é o desenvolvemento de accións, na modalidade de actividades e proxectos que impliquen áreas diferentes, encamiñadas a ofrecer á comunidade xitana unha resposta preventiva de carácter primario e secundario particularmente no colectivo máis xove.

Estas actuacións estarán en acordo coas liñas de traballo deste Concello de Vigo en canto a intervención en drogodependencias (que se corresponden coas marcadas polo Plan de Galicia sobre Drogas), e os de promoción da saúde en xeral.

Este proxecto, como continuación do iniciado en 1998, e continuado nos anos 1999, 2000, 2001, 2002 e 2003 precisará da coordinación co persoal técnico dos servizos sociais municipais de atención primaria e dos servizos de atención a drogodependentes municipais (que se desenvolven no Centro de Drogodependencias Municipal CEDRO).

(Achegase a memoria explicativa)

Terceira : Funcións – Cáritas Diocesana será a encargada de levar a cabo as accións necesarias para a realización do programa, dispoñendo de persoal suficiente, das técnicas apropiadas, e os recursos materiais idóneos, ademais de contribuír no financiamento dunha parte do proxecto.

En ningún caso a prestación do persoal suporá relación laboral algunha co Excmo Concello de Vigo, estando obrigada Cáritas Diocesana ó cumprimento de todas as disposicións vixentes en materia laboral e seguridade social, así como á cobertura correspondente á responsabilidade civil dos seus traballadores e voluntarios.

Será función do Concello de Vigo, afrontar ós gastos que polo importe conveniado, se comprometen para este proxecto. Así mesmo exercerá o seguimento, control e avaliación última da realización do proxecto, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na Cláusula Sexta.

Cuarta : Destinatarios – Serán destinatarios do programa motivo do convenio, principalmente, a poboación xove xitana e cigana con risco de iniciarse no consumo ou de avanzar cara o abuso de drogas, e os drogodependentes da comunidade xitana de Vigo.

Quinta : Custo e financiamento – O custo da execución do programa ascenderá (segundo o proxecto presentado por Cáritas) a 51.389,16 Euros anuais, correspondendo a Cáritas Diocesana a diferenza entre a achega municipal 15.500 € e ata o importe total do proxecto, achegando os seus propios recursos. A financiamento municipal do mesmo será con cargo á partida 313.0.226.08.00 - Minorías étnicas- do orzamento de 2005.

O custo máximo conveniado da achega municipal non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sexta : Comisión de Seguimento - Para o seguimento do convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, clarificación de controversias, etc., constitúese unha Comisión de Seguimento, composta a partes iguais por persoal designado polo Concello e por Cáritas, e presidida polo Concelleiro/a responsable de Benestar Social.

Como complemento, e de xeito conxunto, ó desenvolvemento do presente convenio, contará cunha Comisión Técnica de Seguimento formada por técnicos municipais do departamento de Benestar Social e do Equipo de Traballo deste programa de Cáritas. Dita comisión terá como cometido avaliar de xeito conxunto o desenvolvemento do proxecto, artellar os medios técnicos apropiados, e reorientar as actividades e mesmo os proxectos, segundo a evolución do Programa.

Sétima : Difusión do proxecto – A difusión do proxecto, no relativo á súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do Concello de Vigo previo acordo con Cáritas Diocesanas.

O Concello de Vigo será interlocutor con tódalas institucións ou entidades que participen no programa, e calquera realización conxunta de actividades ou calquera colaboracións coas mesmas, deberá contar co visto e prace deste Concello.

Oitava : Obrigas de Cáritas Diocesana de Tui – Vigo. Polo presente convenio Cáritas Diocesana, comprométese a:

a – Desenvolvelo proxecto que se especifica no anexo, (presentado polo Equipo Técnico de Cáritas Diocesana e discutilo previamente por técnicos de ambas entidades), atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, e segundo as prioridades marcadas dende o Concello.

B – Dispoñelos medios técnicos, materiais, humanos e no seu caso financeiros, para o correcto desenvolvemento de aquelas. Cáritas desenvolverá o Programa contando co persoal técnico do que dispón e que especifica no proxecto anexo, responsabilizándose da contratación do mesmo, e do abono das nóminas, seguridade social, ... que correspondan e de acordo á titulación e/ou funcións que posúan.

C – Encargarse de face-lo pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a publicidade, seguros, material, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio.

D – Comprometerse e responsabilizarse de que todas as actividades desenvolvidas contén cos seguros (sociais, de responsabilidade civil, etc.) cara a súa correcta execución.

E – De ser necesarios e porque o desenvolvemento do Proxecto así o requira, a redacción de textos, material gráfico e publicidade.

F – Facilita-la inspección, control, e supervisión do persoal técnico responsable do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.

G – Presentar ó Concello informes periódicos do desenvolvemento do Proxecto e un informe de avaliación final completo.

H – De ser necesario, e a petición do Concello de Vigo, a presentación de informes individualizados dos usuarios do Proxecto. Dita petición estará motivada por razóns de carácter profesional e sometidas á metodoloxía do traballo social e o contido no apartado final da cláusula segunda do presente convenio.

I – Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do mesmo, sempre de acordo coas orientacións xerais do Concello e da Comisión de Seguimento en concreto.

Novena : - Obrigas do Concello de Vigo – Por este convenio, e para o desenvolvemento do mesmo, este Concello de Vigo obrígase a:

a – Arrellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

b – Dispoñer os medios económicos precisos para cubrir os gastos das actividades presentadas, polo importe máximo marcado no presente convenio (15.500 Euros)

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Décima – Como norma última, será o Concello de Vigo, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Undécima – O incumprimento do especificado no clausulado, deste convenio, poderá ser motivo de cancelación da execución do mesmo, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser Cáritas Diocesana de Tui – Vigo a que non cumprise o acordado, suporá a cancelación dos pagos pendentes. No caso de non executarse as actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento da cancelación.

Pago e xustificación:

Duodécima : Pagamento – o Concello de Vigo aboará nunha soa entrega os 15.500 Euros tendo en conta que lle consta que a realización do programa se ven realizando desde o comezo do ano, certificándose por funcionario responsable do programa o cumprimento do Convenio para o seu abono.

Vixencia:

Décimo cuarta – O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o 31 de decembro de 2005

Acordo final:

Décimo quinta – Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Cáritas Diocesana de Tui – Vigo, poderá ter algunha ampliación nos contidos, actividades, etc., de ser así acordado polos asinantes a través da Comisión de Seguimento. Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos municipais, e sen que supoña aumento para este Concello de Vigo nas cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais nel recollidos. Todo elo sen que sexa preciso a sinatura dun novo convenio.

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio o día arriba indicado.

9(1645).-PRESTACIÓN DE SERVICIO AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 21/1377 E PROPOSTA DENEGATORIA EXPTE. 21/54.

Examinadas as actuacións dos expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación de Servizo de axuda no fogar a D^a. Rosa M. Rivera López. Expte. 21/1377.

2º.- Denegar a prestación do Servizo de axuda no fogar a D^a. M^a Carmen Antón Vidal.

10(1646).-PRESTACIÓN DE SERVICIO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 22/1542.

Examinadas as actuacións dos expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación de Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a Isabel González Estévez e a D. Indalecio Tizón Covelo. Expte. 22/1542.

11(1647).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE AGOSTO, SETEMBRO E OUTUBRO. EXPTE. 13046/301.

Mediante providencia do 23.11.05 a delegada da Área de Participación Cidadá, cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de agosto, setembro e outubro de 2005, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 3130 /AGOSTO-SETEMBRO E OUTUBRO

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
25/10/05	VIAXE POLA RÍA	2260804	200500048580	5.680,00	NAVIERA MAR DE ONS, S.L.
05/09/05	REFORMA CENTRO DE DÍA	2270600	200500039900	3.223,59	DEEXINOR, S.L.
27/10/05	PROGRAMA CINENSINO	2270608	200500049260	1.160,00	ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, S.L.
05/05/05	ADQUISICION LIBROS	2200100	200500021086	400,00	VARIOS

A Xunta de Goberno local queda enterada.

12(1648).-CONCESIÓN E DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN ANO 2005, DENTRO DO PME 2004-2007. EXPTE. 3508/077.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 15.11.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder as seguintes axudas económicas dentro do Programa de axudas municipais á contratación, por un importe total de 9123,75€

Solicitante	Empresa	NIF/CIF	Núm. traballadores/as	Importe da axuda
Ana Belén Moldes Fajardo	"Zentro de Imagen Personal y Técnicas Manuales, Aquilea, S.L.L."	B36891711	2	3240
Juan Carlos Bouzón Loureiro	"Alcampo, S.A."	A28581882	10	3543,75
Cándida Tamborino Carrera	"Cándida Tamborino Carrera"	32768136J	1	810
Juan Rodríguez	"Inmo Vilarde Matos, S.L."	B36943009	1	750

Rodríguez				
Arán Feijoo Covelo	"Feijoo Covelo Arán 000603420P, S.L.N.E."	B36941029	2	780

- Denegar a seguinte axuda económica ao seguinte solicitante:

Solicitante	Empresa	NIF/CIF	Motivo de denegación
Francisco José López Mosquera	"Francisco José López Mosquera."	36112274C	Documentación incompleta

13(1649).-DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN GLOBAL DO FONDO SOCIAL EUROPEO PARA FINANCIAR O PROXECTO "ACTÍVATE". EXPTE. 3246/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 24.11.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O proxecto "Actívate" (expte. 3.246/077) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11 de xullo de 2005 e presentado á Dirección Xeral para a Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas o 15/07/05, foi aceptado para ser subvencionado con fondos da Subvención Global do Fondo Social Europeo, mediante Resolución aprobatoria de data 15 de novembro de 2005, que se achega. As características básicas do proxecto aprobado son:

Denominación do proxecto:

Proxecto "ACTÍVATE"

Principais obxectivos:

- *Desenvolver itinerarios de inserción laboral para 90 demandantes de emprego do municipio que incluan unha oportunidade de práctica laboral e formación adecuada.*
- *Favorecer a mellora da ocupabilidade de persoas desempregadas prioritariamente mulleres con dificultades de inserción laboral e colectivos en situación o en risco de exclusión social mediante a súa capacitación profesional nos seguintes ámbitos: auxiliar de axuda a domicilio, conductor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar, persoal de apoio en centros socio sanitarios (axudante de cociña, experto en limpeza, lavandería-pranchado) e teleoperador/a.*

Duración:

20 meses

Orzamento:

Total: 640.026,67 euros

Subvención concedida (70%): 448.018,67 euros

Cofinanciamento municipal (30%): 192.008,00 euros

Por anualidades:

Ano 2006

Total: 481.751,30 euros

Subvención solicitada (70%): 337.225,91 euros

Ano 2007

Cofinanciamento municipal (30%): 144.525,39 euros

Total:158.275,36 euros

Subvención solicitada (70%): 110.792,75 euros

Cofinanciamento municipal (30%): 47.482,61euros

Ubicación do proxecto Actívate:

Os despachos, aulas e demais dependencias necesarias para o desenvolvemento do proxecto “Actívate”, estarán ubicados nas instalacións municipais do Centro de Emprego de Rivera Atienza, na Avda. Martínez Garrido 21-interior. As dependencias da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego na cuarta planta do edificio municipal tamén acollerán traballos do proxecto, fundamentalmente referidos á tramitación administrativa, orientación laboral, xestión de formación e fomento do autoemprego.

Por este Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego se están a efectuar as xestións oportunas para a posta en marcha do proxecto: expediente de xeración de crédito diante da Intervención Xeral, optimización das instalacións e expediente para a contratación do persoal.

O que se comunica á Excm. Corporación Municipal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

14(1650).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NA RÚA PALENCIA. EXPTE. 7217/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 30.11.05 da aparelladora municipal e de conformidade coa proposta da mesma data da xefa do Servizo de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde para a construción da Escola Infantil Municipal na rúa Palencia de Vigo, adxudicada á empresa “Mantenimiento y construcciones ALCUBA” en Xunta de Goberno Local do 4 de novembro de 2005.

15(1651).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DAS BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO, 1ª FASE. EXPTE. 11474/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 28.11.05 do enxeñeiro director das obras de remodelación de beirarrúas e mellora de Travesía de Vigo, fase 1, e de conformidade coa proposta, de 29.11.05, do coordinador da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de remodelación de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo, 1ª fase, de acordo co previsto no Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro sobre “disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción”.

16(1652).-BASES DO “XXV CONCURSO DE RONDALLAS”. EXPTE. 1695/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 28.11.05, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar as bases, que de seguido se transcriben, correspondentes o "XXV Concurso de Rondallas", que se celebrará o día 1 de xaneiro de 2006 no Instituto Municipal dos Deportes das Travesas.

2º.- Que os premios estipulados nestas bases por un importe total de 13.200.-euros queden supeditados a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 451.2.481.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2006”

3º.- Os pagamentos realizaranse a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

“XXV CONCURSO DE RONDALLAS”

B A S E S

1. *A Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo organiza o XXV Concurso de Rondallas que terá lugar o día 1 de xaneiro de 2006, ás 18'00 h, no Instituto Municipal dos Deportes das Travesas.*
2. *Neste concurso poderán participar todas aquelas agrupacións que teñan un mínimo de 40 compoñentes e un máximo de 120.
O número máximo de agrupacións participantes límitase a 12 (doce). Como único criterio de selección establécese a orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Aquelas inscricións realizadas antes ou despois do prazo estipulado nestas bases non serán admitidas calquera que sexa a causa.*
3. *As inscricións para este concurso deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en impreso normalizado, dende o 10 ó 22 de decembro de 2005, ambos inclusive. Así mesmo, deberase acompañar á inscrición, unha certificación bancaria e fotocopia compulsada do CIF ou NIF segundo proceda.
As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local nos días previos ó comezo do prazo e estarán a disposición dos/as interesados/as no citado rexistro e na web municipal.*
4. *Os premios do concurso serán os seguintes:*

<i>PRIMEIRO CLASIFICADO:</i>	<i>2.200 euros.</i>
<i>SEGUNDO CLASIFICADO:</i>	<i>1.900 euros.</i>
<i>TERCEIRO CLASIFICADO:</i>	<i>1.300 euros.</i>

*O resto das agrupacións participantes percibirán 750 euros cada unha. Establécese un premio único de 300 euros, ó conxunto de abandeirados.
Todos os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que proceda aplicar.*

5. *A orde de actuación das doce rondallas inscristas decidirse mediante un sorteo que se realizará na Casa do Concello, o día 23 de decembro ás 12'00 horas. Recoméndase que a este sorteo acuda un/unha representante de cada rondalla inscrita.*
6. *O xurado do concurso cualificará entre 0 e 10 puntos enteiros cada un dos seguintes elementos:*
a) *Vestimenta de toda a rondalla*
b) *Instrumentación musical*
c) *Evolución na pista de toda a rondalla*
d) *Repertorio musical*
7. *Cada agrupación disporá dun máximo de 10 minutos para realizar as interpretacións que estime oportunas. En caso de que non se chegase a cubrir o número máximo de rondallas (12), aumentarase o tempo para cada rondalla a un máximo de 11 minutos.
O tempo dispoñible computarase dende o momento de entrada na pista do primeiro membro da agrupación, ata o momento da saída do derradeiro compoñente.*
8. *Establécense as seguintes penalizacións por exceso de tempo:*
10 puntos.- *polo primeiro minuto ou fracción*
20 puntos.- *polo segundo minuto ou fracción*
30 puntos.- *polo terceiro minuto ou fracción*
Descualifícase inmediatamente a unha agrupación nos seguintes casos:
 - *cando o exceso de tempo supere os tres minutos;*
 - *cando figuren na pista menos de 40 compoñentes;*
 - *cando entre os seus compoñentes ou concursantes, figuren “majorettes”*
9. *Os himnos oficiais dos estados e das comunidades autónomas non poderán ser incluídos nos repertorios que executarán as rondallas participantes.*
10. *A rondalla clasificada no primeiro lugar do concurso terá que actuar o día 5 de enero na recepción os Reis Magos da “Cabalgata de Reis 2006”, que organiza o Concello de Vigo á hora e lugar que lle indique a organización da mesma. Por este concepto aboaráselle un importe total de 750 euros, con todos os conceptos incluídos.*
11. *O xurado do concurso estará composto polos seguintes membros:*
Presidente: O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue.
*Vocais: Director da Escola Municipal de Danza ou a persoa desta na que delegue.
Tres persoas relacionadas con temas musicais, etnográficos, folclore ou cultura tradicional.*
Secretario: Un funcionario do Concello de Vigo, con voz e sen voto.
O presidente do xurado dispón de voto de calidade para resolver os posibles empates.
12. *O Concello de Vigo resérvase o dereito de que este concurso sexa financiado por unha firma comercial.*
13. *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural mailo xurado do concurso quedan facultados para resolver as posibles eventualidades e dúbidas que puidesen xurdir, non previstas nestas bases.*

14. *A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha destas bases. A decisión do xurado será inapelable.*

17(1653).-PAGAMENTO DOS DEREITOS DE AUTOR Á “SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES” DERIVADOS DO PROGRAMA DAS “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005”. EXPTE 1699/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 28.11.05, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar un gasto por un importe total de 57.098,58-€. (49.222,91 + 7.875,67 de IVE) en concepto dos dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa das *Festas do Cristo da Victoria 2005*, con cargo á partida 451.2.226.08.05 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio. Este pagamento realizarase á Sociedade Xeral de Autores (SGAE), CIF G-28029643.

2º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241”

18(1654).-PROXECTO DE CONVENIO PARA A COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2006 DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” E A FEDERACIÓN VECIÑAL “EDUARDO CHAO”. EXPT. 1697/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da técnica de Festas e Animación Sociocultural, do 28.11.05, conformado pola concelleira de Festas e Animación Sociocultural, o interventor municipal e co conforme xurídico do técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, para a colaboración na organización da *Cabalgata de Reis 2006* da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e a Federación Veciñal “Eduardo Chao”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Que o gasto derivado do convenio por importe de 10.200.- euros quede supeditado á existencia de crédito adeudado e suficiente no programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vindeiro exercicio 2006, con cargo á partida 451.2.226.08.00; o pagamento realizarase á Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

PROXECTO DE CONVENIO PARA A COLABORACIÓN
NA ORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2006

Vigo, o xxxx de xxxxx de dous mil seis,

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LOPEZ CHAVES CASTRO, concelleiro-delegado de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.

D. ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ, presidente da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS "EDUARDO CHAO", CIF G-36.681.708, con enderezo na Praza da Princesa, 7, 2º, 36202 VIGO, e número de inscrición 82/89 no rexistro municipal de asociacións.

D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF. G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.

En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA"

MANIFESTAN

1. Que a Cabalgata de Reis é un evento festivo e de tradición plenamente arraigado e institucionalizado na nosa sociedade, e que esperta grande expectación e ilusión nos máis cativos e en tódolos cidadáns en xeral.
2. Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo unha importante labor de recuperación e impulso deste evento, mediante a incorporación de novos e vistosos elementos na Comitiva Real, así como mediante a programación doutras actividades complementarias (Carteiro Real, concurso "Vente cos Reis Magos"), que axudan a darlle maior espectacularidade e realce, intentando recobrar o sentido do Nadal.
3. Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei Reguladora de Bases de Réximen Local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata, Entroido, Festa do Magosto...).

4. Que dende a Cabalgata de Reis do ano 1997 véñense asinando convenios de colaboración similares entre estas entidades e o Concello de Vigo, sendo o resultado acadado moi satisfactorio para ambas partes, polo que se atopan dispostas a colaborar na organización da presente edición da Cabalgata de Reis 2006, que se celebrará o vindeiro día 5 de xaneiro na nosa cidade.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto xeral a colaboración das entidades asinantes na organización da Cabalgata de Reis 2006, mediante a aportación do persoal auxiliar necesario para acompañamento da Comitiva Real.

SEGUNDA.- A Cabalgata de Reis 2006 é un evento organizado e coordinado pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e que se celebrará nesta cidade o día 5 de xaneiro, polas rúas e segundo o horario que figuran no anexo do presente convenio.

TERCEIRA.- O presuposto xeral deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 10.200.- euros, que se financiarán con cargo á partida 451.2.226.08.00, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó exercicio 2006.

CUARTA.- A comisión colaboradora da Cabalgata de Reis 2006 estará formada polas seguintes persoas:

- ✓ *Pola Federación de AVV "Eduardo Chao":*
ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ.
XOSÉ COUÑAGO
- ✓ *Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:*
JOSE LOURIDO PENEDO.
JUAN JOSÉ NOGUEIRA SÁNCHEZ.
- ✓ *Pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo":*
JUAN CARLOS PADÍN NIETO.
RAÚL VILA CARIDE.

Así mesmo, formará parte desta comisión colaboradora en representación do Concello de Vigo, con funcións de dirección, supervisión, seguimento e control da mesma, a técnica do servicio de Festas e Animación Sociocultural,

QUINTA.- A función básica da comisión colaboradora da Cabalgata de Reis 2006 será a de dotar este evento do persoal auxiliar necesario para acompañamento da Comitiva Real, segundo o seguinte detalle:

1.- Responsable de organización: a comisión colaboradora designará un responsable que funcionará como único interlocutor válido da mesma co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural; este responsable manterá unha serie de reunións co citado persoal, ata o día 5 de xaneiro (previa comunicación deste departamento con un día de antelación), co obxecto de establecer os criterios organizativos para este evento, mediante entrega de información escrita precisa acerca do plan de organización que deberán executar. Este responsable será o encargado de transmitir toda esta información ó resto do persoal, así como de organizar e coordinar as súas accións, antes, durante e despois da cabalgata.

2.- Persoal auxiliar necesario: a continuación, relaciónanse o número mínimo de persoas necesarias, así como as principais funcións a desempeñar en cada caso.

- Persoas: 200
- Horario: das 15 ás 21 horas, do día 5 de xaneiro de 2006.
- Funcións xerais:

- a) Encargaranse de recoller no Concello de Vigo coa suficiente antelación os caramelos, globos e outros elementos, e trasladarano ó lugar de concentración da comitiva e ós distintos puntos de avituallamiento e de inflado de globos, que se colocarán ó longo do percorrido. Para este cometido, a organización deberá dispor ó seu cargo dos seus propios medios para o transporte do citado material.
- b) Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuilas posteriormente entre todo o persoal. Toda persoa pertencente á organización deste evento deberán levar de forma obrigatoria e en todo momento a prenda superior, e a inferior se así se lles indica.
- c) Ó longo do percorrido, haberá CINCO puntos de inflado de globos que serán xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un; o suministro das correspondentes bombonas de inflado e a súa instalación e posterior desmontaxe será total competencia da comisión colaboradora.
- d) Ó longo do percorrido, haberá un mínimo de tres puntos de avituallamiento de caramelos xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un, e que se encargarán de distribuilos ás carrozas e demais integrantes da Comitiva que o requiran, ó seu paso por ese punto.
- e) Encargaranse de realizar calquera movemento do valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado polo persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento da cabalgata.
- f) Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido, impedindo que o público se achegue ós elementos que compoñen a comitiva; especial atención prestarase ás inmediacións do palco instalado para a recepción ós Reis Magos, para o que se disporá un equipo especial de seguridade.
- g) Acompañarán seis persoas a cada unha das carrozas integrantes da comitiva, dende a súa saída ata a finalización do evento, para garantir a súa seguridade e maila do público.
- i) Buscar a correcta colocación e distribución dos elementos que forman a comitiva no lugar de concentración, seguindo as instrucións dadas nas reunións mantidas co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. A disposición dos elementos da Comitiva manterase inalterable dende o seu inicio ata o seu remate.
- l) Durante o desenvolvemento da Cabalgata deberá haber permanentemente dúas persoas na "zona de encontro de nenos", delimitada co obxecto de levar alí ós nenos-as que se perdan. Estas persoas deberán custodiar os nenos-as ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non aparecer, faránlle entrega dos mesmos á Policía Local, a partir das 22'00 horas.
- m) O responsable da comisión colaboradora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado ó longo do percorrido, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella; así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural

Para facer posible este cometido, o Concello facilitaralle á comisión colaboradora un mínimo de nove portáfonos, que deberán devolver en perfectas condicións unha vez rematada a cabalgata; ademais deberán dispor de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da cabalgata.

- *Outras funcións:*

Calquera outra función imprevista que poida xurdir durante o desenvolvemento da Cabalgata de Reis 2006 e que lle sexa encomendada pola organización deste evento.

- *Posterior da Cabalgata:*

A comisión presentará na Concellería de Festas e Animación Sociocultural, nos tres días hábiles seguintes á finalización da cabalgata, un informe completo de posibles incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

SEXTA.- O Concello de Vigo aboará a cantidade estipulada na cláusula terceira 10.200 -EUROS, en concepto deste convenio de colaboración, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento e da conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ós traballos realizados, mediante transferencia bancaria á conta corrente núm. 2080.0020.16. 0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF. G-36.704.666) e número de inscrición no Rexistro Municipal 143/90.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a comisión colaboradora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural na propia actividade.

OITAVA.- En caso de incumprimento do convenio, realizaranse os descontos correspondentes e cos prorrateos a que houbera lugar.

NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006, e non será prorrogable.

DÉCIMA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar las posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data que se indican,

ANEXO

- *HORARIO DA CABALGATA DE REIS 2006:*

15'00 horas: Comezo do despregue do persoal auxiliar de organización ó longo do percorrido e da concentración da comitiva real.

18'30 horas: Saída da Comitiva Real dende o cruce de Isaac Peral.

20'30 horas: *Remate e despedida da cabalgata.*

❑ **PERCORRIDO DA CABALGATA DE REIS 2006:**

O percorrido da cabalgata será o composto polas seguintes rúas:

- ✓ Montaxe da comitiva: *Entre o nudo de Isaac Peral e a rotonda da confluencia entre a avda. García Barbón, a rúa Julián Estevez e rúa Sanjurjo Badía.*
- ✓ Percorrido: *García Barbón (dende o nudo de Isaac Peral) e Policarpo Sanz*
- ✓ Remate: *Porta do Sol ou Paseo de Alfonso XII (condicionado o informe de Seguridade).*

19(1655).-GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA A SÚA INCLUSIÓN NA NÓMINA DE DECEMBRO DE 2005.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Intervención Xeral do 1.12.05, conformado polo interventor municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan, para incluír na nómina do mes de decembro de 2005.

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
1212	Parque Móbil	229,16
1216	Patrimonio	98,60
2220	Seguridade	512,89
3130	Bienestar Social	36,89
4130	Sanidade	309,23
4220	Educación	469,71
4326	Parques e Xardíns	26,01
4420	Limpeza	1.518,78
4430	Cemiterios	130,73
4631	Atención Ciudadá	92,31
5110	Vías e Obras	3.339,93
TOTAL		6.764,24

20(1656).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO PARA A SELECCIÓN DUNHA ENTIDADE COLABORADORA DA SEGURIDADE SOCIAL PARA A COBERTURA DAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS POR ACCIDENTE DE TRABALLO E

ENFERMIDADES PROFESIONAIS DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16140/220.

Retírase o expediente da orde do día para que se incorpore ao mesmo un informe xurídico.

21(1657).-REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE AMPLIACIÓN, SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 17406/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 9.11.05, conformado polo interventor municipal, que di o seguinte:

D. Esteban Marsillach Daunis, en representación da empresa UTE Esycsa- Etra, adxudataria do concurso convocado para a contratación do servizo de ampliación substitución, mantemento, conservación, reparación, subministro, instalación e explotación das instalacións de regulación, controle información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria e prestacións de servizos complementarios do Concello de Vigo, solicita a revisión de prezos do mencionado contrato.

O fundamento da petición da revisión do prezo contractual aparece recollida na cláusula v do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, e no mesmo recollese a posibilidade da mesma unha vez transcurra un ano do prazo contractual, e realizarase pola aplicación o prezo de adxudicación do incremento do índice de prezos o consumo da anualidade inmediata anterior o prezo de revisión.

O contrato do servizo de subministro, mantemento e conservación da rede viaria foi adxudicado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión celebrada o 28 de abril de 2003, e a primeira revisión de prezos foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o descompoñéndose o prezo contractual nos seguintes importes :

- *Mantemento, conservación e reparación: 1.292.641,25 euros euros.*
- *Subministro e instalación para a renovación de equipos e instalacións según plan establecido no prego de precripcións técnicas: 477.824,59 euros.*
- *Remodelación e ampliación de instalacións por importe fixo de 154.309,83 euros euros.*
- *Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula I.4 do prego de precripcións xuridicas, económicas e administrativas, polo importe de 42.267.51 euros.*

A cada un dos anteriores importes que compoñen o prezo total deberaselle aplicar o incremento do IPC do periodo abril de 2004/abril de 2005, que segundo información facilitada polo instituto Nacional de estadística foi de 3,5%, resultando un prezo total revisado de 2.035.889,73 euros, sendo os importes parciais os que a continuación se recolle no contido da proposta feita a Xunta de Goberno Local.

Polo anteriormente exposto, previo informa da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Prestar aprobación a revisión de prezos solicitada pola empresa UTE ESYCSA- ETRA, “Equipos de señalización y Control, S.A.”“Electric Trafic, S.A.”, do contrato dos servizos públicos da rede semafórica da cidade, establecendo ó mesmo, a partir do 1 de maio de 2004, na cantidade de 2.035.889,73 sendo os importes parciais os seguintes:

- *Mantemento, conservación e reparación 1.337.884,00 euros.*
- *Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo plan establecido no pprego de prescricións técnicas 494.548,45 euros.*
- *Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 159.710,67 euros/ano.*
- *Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula I.4 do prego de cláusulas administrativas 43.746,87 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1658).-RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA ROSA BLANCO DAPENA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15316/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 24.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Rosa Blanco Dapena presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de setembro de 2002, no que expón que o día 19 de xullo de 2002, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, á altura da antiga Telefónica, caeu ó tropezar nunhas baldosas levantadas, producíndose danos de diversa índole.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de outubro de 2002, no que manifestan que a beirarrúa no lugar do accidente cedeu por mor das obras do aparcadoiro subterráneo, aparecendo varios puntos nos que se puido producir a caída; así mesmo, informan que xa advertiran á empresa construtora para que tomasen medidas sobre o tema.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.522,65 euros.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de maio de 2003, no que comunican que as obras do aparcadoiro da rúa Urzáiz foron realizadas pola empresa Dragados y Construcciones.*
- *Evacúase trámite de audiencia á empresa Dragados, que formula alegacións con data 13/01/2005.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 20/01/2005, que indican que as obras do aparcadoiro foron promovidas pola U.T.E. Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo e executadas pola empresa Dragados.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, que formula alegacións en data 02/03/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 22/03/2005.*
- *Cítase para a práctica da proba testifical a testemuña proposta pola reclamante, que non comparece.*

- Informe da Policía Local, de data 22/11/2005, indicando que nesa Xefatura non existe constancia dos feitos.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario, pois a caída, segundo relata a reclamante, prodúcese no ámbito de actuación das obras para a construción do aparcadoiro da rúa Úrzaiz, das que era titular a Unión de empresas Tranvías Eléctricos de Vigo S.A – Eloymar S.A, na súa calidade de titular da concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación do devandito aparcadoiro, en virtude de acordo plenario de data 15 de abril de 1999. É preciso, neste caso, deslindar a imputabilidade da Administración e do concesionario para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor citou a prestunta testemuña presencial dos feitos, que non compareceu, e dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos mesmos,

Da presentación dos partes de asistencia médica dedúcese que a Sra. Blanco sufriu determinados danos, pero estes non demostran en modo ningún, nin o feito da caída, nin o lugar da mesma. Dado que non existen testemuñas presenciais do accidente e a Policía Local non ten constancia do presunto accidente a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de D^a María Rosa Blanco Dapena por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probados nin os feitos nin o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1659).-RECLAMACIÓN DE D^a. SUSANA MONTOTO MATO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15584/240. RESPONSABILIDADE UTE AQUALIA-FCC.SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 28.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Susana Montoto Mato presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de decembro de 2002, no que expón que o día 16 de setembro de 2002, D. Manuel Julio Pérez Monroy, circulando pola Zona Franca (saída da rotonda onde acaba a circunvalación, xunto á igrexa) co vehículo de propiedade da reclamante, matrícula PO-5601-BP, tivo un accidente ó meter a roda dereita do vehículo no oco dun sumidoiro que non tiña tapa nin estaba sinalizado, producíndose danos materiais valorados en 155,44 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC (antes Seragua), con data 31/01/2003, no que manifestan non teren constancia de ningunha actuación referida a reparación ou substitución dunha tapa de sumidoiro; así mesmo, indican que a Zona Franca estivera realizando obras en datas próximas.*
- Informe do Consorcio Zona Franca de Vigo, con data 07/03/2003.*
- Parte do servizo da Policía Local, con data 16/09/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos (rúa Eduardo Cabello), comprobaron os danos no vehículo da Sra. Montoto (roda dianteira dereita) e a existencia dunha tapa de sumidoiro desprazada, que foi colocada no seu sitio por unha dotación de bombeiros que se presentou no lugar.*
- Informe da Autoridade Portuaria de Vigo, con data 11/09/2003.*
- Informe do Parque Móbil, de 03/12/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 35 de Neumáticos Lorca, presentado pola reclamante, por un importe de 155,44 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuase trámite de audiencia á empresa concesionaria do servizo de abastecemento, U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións con data 16/03/2005.*

- Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 17/02/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente produciuse debido a existencia dunha arqueta destapada, tal e como se establece no Parte do servizo da Policía Local.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª Susana Montoto Mato.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 155,44 euros, correspondentes ó valor de reparación do seu vehículo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1660).-RECLAMACIÓN DE Dª. TERESA CARRERA TORRE-MARÍN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16488/240. RESPONSABILIDADE UTE AQUALIA-FCC.SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 23.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dª Teresa Carrera Torre-Marín presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de setembro de 2003, no que expón que o día 12 de setembro de 2002, mentres camiñaba pola rúa Carral, caeu ó tropezar contra unha tapa de sumidoiro que tiña un lateral levantado, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de outubro de 2003, no que manifestan que a tapa do sumidoiro segue nas mesmas condicións na data do informe, cunha diferenza de 3 centímetros en relación ó nivel da beirarrúa.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 06/05/2004.*
- Práctica de proba testifical, con data 27/05/2004, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Carrera.*
- Informe da Policía Local, con data 04/06/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.661,97 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións con data 02/03/2005.*

- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 27/01/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de augas, xa que o accidente debeuse a existencia na rúa Carral dunha arqueta situada 3 cms. máis baixa que o nivel da beirarrúa, e que ademáis movíase ó pisar enriba dela.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 17 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

En trámite de audiencia a Sra. Carrera manifesta a súa disconformidade coa valoración médica efectuada asesoría médica do Concello, e procede a cuantificar ós seus danos en 5.388,34 euros, correspondentes a 60 días de baixa impeditiva e 3 puntos polas secuelas funcionais, secuelas que aparecen recollidas no informe pericial aportado por ela. Para xustificar estes extremos achega a seguinte documentación médica: un informe da Clínica Fátima, de data 17-09-02, valorando as súas lesións, o informe de alta hospitalaria de data 18-10-02 e outro informe da Clínica Ferreirós, de data 4 de agosto de 2003, que describe a evolución das lesións e refire como data da alta médica o 17-11-02, un mes despois da realización da operación de menisco á que foi sometida a reclamante. A informante estima que, revisada esta documentación, non existe informe médico ningún entre os achegados que xustifique o carácter impeditivo dos días de baixa, nin sequera existe informe de alta, pois o informe da Clínica Ferreirós, que refire como data da alta médica o 17-11-02 foi emitido en data 4 de agosto de 2003 por un médico dunha clínica diferente á que tratou as lesións da Sra. Carrera. Con respecto ós 3 puntos das secuelas, o informe médico do Concello concédelle estos tres puntos, e ten en conta o factor de corrección, extremo negado pola reclamante no seu escrito de alegacións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª Teresa Carrera Torre-Marín.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 3.661,97 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1661).-RECLAMACIÓN DE Dª. CARMEN PENA VILLAR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 76/243. ESTIMADA. RESPONSABILIDADE UTE AQUALIA-FCC.SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 25.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Pena Villar presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de febreiro de 2004, no que expón que o día 03 de febreiro de 2004, mentres camiñaba pola avenida de Ramón Nieto, á altura da igrexa de Santa Clara, caeu por mor do mal estado dunha tapa de sumidoiro, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da empresa Aqualia, concesionaria do servizo público de abastecemento e saneamento de augas, de data 26/07/2004.*

- Informe do servizo da Policía Local, con data 08/09/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Proba testifical a unha das testemuñas propostas pola reclamante, con data 17/11/2004, que corrobora os feitos relatados pola Sra. Pena e afirma que o desperfecto onde esta tropezou era bastante visíbel.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 5.681,91 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Aqualia, que formula alegacións con data 21/03/2005.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en 18/03/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán derecho a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de augas, xa que o accidente debeuse a existencia na Avda. Ramón Nieta dunha arqueta en mal estado.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

En trámite de audiencia a Sra. Pena manifesta a súa disconformidade coa valoración médica efectuada asesoría médica do Concello, e procede a cuantificar ós seus danos en 9.760,33 euros, de acordo co seguinte desglose:

- 962,01 euros correspondentes a 21 días de baixa impeditiva
- 3.996,54 euros correspondentes a 162 días no impeditivos
- 3.934,85 euros correspondentes a 5 puntos pola secuela de prexuízo estético lixeiro.
- 866,93 euros por danos materiais (rotura de lentes, teléfono móvil, gastos de farmacia, consultas dermatolóxicas e rotura de pantalón).

Fundamenta a súa petición nas facturas e nos informes médicos aportados ó expediente, en concreto o de alta médica da Clínica Fátima de 04/08/04 para xustificar os días de baixa e o do Dr. Liaño en relación co prexuízo estético. Nos informes médicos da Clínica Fátima se lle diagnostican “contractura de trapecio e elevadores de ambas escapular” (informe de data 23/02/04) e “dorsalgia postraumática” (informe de data 12/04/04) e ambos casos se lle pauta tratamento rehabilitador. Estas lesións non constan no parte do accidente, que menciona ferida erosiva no pómulo dereito, ferida en rexión supraorbitaria dereita, escoriacións nos nudos da man esquerda e erosións no xeonllo dereito, e no parte de alta laboral non consta que tivese que continuar con ningún tratamento nin se fai constar ningunha secuela, polo que non procede o aboamento destes días de baixa non impeditiva, pois fórono por lesións alleas ó accidente. Tampouco consta ningún informe médico que certifique a secuela reclamada de prexuízo estético lixeiro, polo que tampouco procede o aboamento dos 3 puntos solicitados neste concepto. Respeito ós danos persoais a informante conclúe que só procede o aboamento dos días de baixa laboral que se deducen dos partes de baixa e alta achegados. E respecto ós danos materiais non existe proba ningunha dos mesmos no expediente, polo que non procede o seu pagamento. A Sra. Pena presenta diversas declaracións xuradas de presuntas testemuñas do accidente máis ningunha delas fai referencia ós mesmos, extremo que tampouco é corroborado na proba testifical practicada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Carmen Pena Villar.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 962, 01 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1662).-RECLAMACIÓN DE D. FABIÁN RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 262/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 24.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Fabián Rodríguez Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de xullo de 2004, polos danos e perdas derivados dun accidente de circulación sufrido o día 25 de abril de 2004, cando circulaba pola rúa Ramón Nieto, á altura do número 247, coa súa motocicleta, matrícula C-7495-BGR, e esvarou por mor da presenza dun valo metálico tirado no medio da calzada, producíndose tanto danos físicos á súa persoa como danos materiais ó seu vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informes do servizo de Vías e Obras, con datas 21/09/2004 e 18/02/2005, no que manifestan que no lugar do accidente realizábanse obras pola empresa Necso, que estas estiveron todo o tempo debidamente sinalizadas aínda que nalgún momento puntual algún valo puidese ter sido desprazado e que nos seus extremos había sinais indicativos de obras, estreitamento e límite de velocidade; tamén que as obras consistían en executar unha canalización para Gas Galicia e outra para R. Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.*
- Informe do Parque Móbil, de 06/04/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Motos V4, presentado polo reclamante, por un importe de 1.266,02 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa R Cable y Telecomunicaciones Galicia, que formula alegacións en 25/04/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Gas Galicia con data 18/05/2005, que non formula alegacións.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 10/06/2005, que non formula alegacións.*
- Informe do Inventario Municipal de bens e dereitos, de data 02/11/05, manifestando que a titularidade da estrada PO-371 (Avda. Ramón Nieto- Avda. do Ponte) pertencelle á Xunta de Galicia.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Tendo en conta que, segundo o informe da Oficina Técnica do Inventario Municipal, de data 02/11/05, o vial onde ocorreu o accidente pertence a outra Administración pública, falta un dos presupostos esenciais para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial, e este Concello carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Fabián Rodríguez Fernández ó carecer o Excmo Concello de Vigo de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a titularidade da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencial ningún respecto á conservación e ó mantemento da mesma”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1663).-RECLAMACIÓN DE D. JOAQUÍN PIÑEIRO RIVEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 496/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 28.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Joaquín Piñeiro Riveiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de febreiro de 2005, no que expón que o día 15 de xaneiro de 2004, camiñando pola rúa Urzáiz, á altura do número 77, tivo unha caída por mor da existencia dun oco na beirarrúa debido a falta dunha lousa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, con data 15/02/2005, que informan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaron a falta dunha lousa na beirarrúa.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/03/2005, que manifesta que se trataba dun oco de 0,40 x 0,40 x 0,2 cm, visíbel a máis de 10 metros de distancia.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.222,31 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 23/06/2005, á testemuña proposta polo reclamante.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 06/07/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa, mais tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, senón que consonte ó informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/03/2005, o oco tiña unhas dimensións de 0,40 x 0,40 e apreciábase a máis de 10 metros de distancia, polo que era perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación.

Se ademáis temos en conta que o reclamante é unha persoa de mediana idade e, á vista dos datos obrantes no expediente, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos padecidos o funcionamento de servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Joaquín Piñeiro Riveiro, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1664).-RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 07.12.04 POLO QUE SE APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS DA UR 1 ESPARRAMÁN. EXPTE. 4452/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta dos técnicos de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 16.11.05, que di o seguinte:

En data 14.02.2000 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Mellora do Núcleo "03-26-D Esparramán" (Bembrive). Dito Acordo publicouse no BOP núm. 56, do 21.03.2000 e no DOG núm. 65, do 03.04.2000.

No 27.06.2003 o representante da entidade mercantil "AMBAS DÚAS S.L." interpuxo na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación dunha normalización de fincas no lugar de Xestoso dentro do ámbito do referido Plan Especial. Achegou a tal efecto o correspondente proxecto técnico, asinado pola arquitecta D^a Milagros Álvarez Conde.

Previo requirimento desta Administración municipal, a devandita entidade mercantil presentou nova documentación nos días 03.11.2003 e 30.04.2004.

En data 21.05.2004 o arquitecto municipal da oficina de Planeamento emitiu un informe, reproducido parcialmente no acordo de aprobación definitiva do expte. 4452/401.

A proposta de normalización describíase do seguinte xeito: "(...) A UR 1 do PEMN de Esparramán é un ámbito discontinuo de Normalización de Predios, formado por dúas áreas. A proposta presentada abarca as dúas zonas delimitadas. O total da UR 1 está formada por 9 parcelas iniciais, 6 na primeira zona e 3 mais na segunda. A maioría delas son actualmente inedificables, dado que non cumpren algúns dos parámetros fixados pola ordenanza de aplicación. Logo da reordenación destas parcelas, as dúas zonas seguen estando formadas polo mesmo número de parcelas, pero adaptadas as esixencias fixadas na ordenanza particular do PEMN. A normalización consegue que toda-las parcelas sexan edificables, sen que ningún propietario vexa diminuída a superficie da súa propiedade.

Tan só se da un caso en que se adxudica unha parcela final en proindiviso entre dous dos propietarios. Isto é así porque a parcela inicial nº6 é inferior á parcela mínima fixada polo PEMN. No cadro seguinte resúmese, tanto a situación inicial do ámbito da UR 1 como a proposta de nova ordenación:

PARCELAS INICIAS			PARCELAS FINAIS		
Nº	PROPIETARIO	SUPERFICIE (m ²)	Nº	PROPIETARIO	SUPERFICIE (m ²)
1	Elena Vila Seijo	442'85	1	Elena Vila Seijo	442'85

2	Purificación Vila Seijo	492'75	2	Purificación Vila Seijo	492'75
3	Ambas dúas S.L.	737'00	3	Ambas dúas S.L.	445'00
4	Ambas dúas S.L.	503'41	4	Ambas dúas S.L.	445'00
5	Ambas dúas S.L.	340'18	5	Ambas dúas S.L.	503'86
6	Valentina Vila Alonso	213'27	6	Ambas dúas S.L.	186'73
			6	Valentina Vila Alonso	213'27
7	Luis Rodríguez Vila	572'00	7	Luis Rodríguez Vila	572'00
8	José Figueroa González	417'00	8	José Figueroa González	417'00
9	Ángel Alonso Álvarez	423'00	9	Ángel Alonso Álvarez	423'00
	Superficie total	4.141'46		Superficie total	4.141'46

A Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente a normalización de fincas. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP núm. 142, do 26.07.2004 e notificación individualizada ós interesados.

Durante dito período interpuxéronse dous escritos de alegacións, subscritos, respectivamente, por D^a Elena Vila Seijo e outros (22.07.2004) e D. Juan Antonio Domínguez Fernández (04.08.2004). Déuselle traslado dunha copia de ambos escritos a "Ambas Dúas SL". No 19.11.2004 a arquitecta de dita entidade mercantil presentou un Informe sobre as referidas alegacións, xunto co texto corrixido do proxecto de normalización de fincas.

No 19.11.2004 o arquitecto da oficina municipal de Planeamento emitíu un Informe sobre as alegacións presentadas.

Con posterioridade, a Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria do 7 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo: (...) PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. Juan Antonio Domínguez Fernández durante o trámite de información pública, no senso sinalado na parte expositiva deste Acordo. Desestima-las alegacións interpostas por D^a Elena Vila Seijo, D^a M^a Pura Seijo Seijo e D^a Valentina Vila Veloso. SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o proxecto de normalización de fincas de Xestoso, na UR 1 do PEMN de Eesparramán, na súa última versión corrixida, asinada pola arquitecta D^a Milagros Álvarez Conde e visado polo COAG no 19.11.04 (expte. 4452/401). TERCEIRO.- O proxecto de normalización de fincas aprobado deberá inscribirse no Rexistro da Propiedade no prazo de tres meses dende que sexa firme na vía administrativa. Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo ós interesados e alegantes, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses (...).

O 16.02.05 dona Elena Vila Seijo e dona Purificación Seijo Seijo, interpuxeron recurso de reposición, solicitando a anulación do acordo da XGL de 7.12.04. Basease o seu recurso nos seguintes extremos: Infracción das normas de procedemento, erros na información tenida en consideración no expediente de normalización de fincas, disconformidade das fincas normalizadas e atribución da súa propiedade ós titulares das parcelas iniciais.

O 6.12.05 o topógrafo municipal informa o seguinte: "(...) Parcela núm 1.- Propietario: Elena Vila Seijo. Superficie: 477 m2. Parcela núm. 2.-Propietario: María Pura Seijo Seijo. Superficie: 525 m2 (...)". As ditas

parcelas colindantes entre sí están perfectamente delimitadas e foron delimitadas pola propiedade <in situ> con poste e marcos, así como a inclusión do camiño de servizo existente no seu lindeiro leste. O dito camiño según o Inventario municipal de Bens-Viais, aparece grafiado como camiño público, polo que deberá a propiedade iniciar un expediente de exclusión do Inventario xa que nas súas escrituras non aparece reflectido ningún camiño público (...)"

Do informe topográfico déuselle traslado á empresa "Ambas Dúas, S.L." o 7.06.05.

O 16.11.05 o arquitecto técnico municipal informou o seguinte: "(...) 1º.- No informe do topógrafo municipal figura un levantamento topográfico das fincas ou parcelas existentes nº 1 e nº 2, cunhas superficies resultantes do citado levantamento de 477,00 e 525,00 m² respectivamente. Estas superficies difiren das superficies que figuran no expediente de normalización de fincas, na que figuran as citadas parcelas cunha superficies de 442,85 e 492,75 m² respectivamente. 2º.- Resultado do informe e plano do levantamento topográfico, resulta que as parcelas resultantes nº 1 e nº 2 do expediente de normalización de fincas aprobada non poden ser consideradas solares de acordo ó artigo 16º da lei 9/2002 xa que as citadas parcelas resultantes nº 1 e nº 2 non dispoñen de fronte nin acceso por vía pública pavimentada nin dispoñen de servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos, dando fronte a un camiño de servizo entre fincas que a xuízo do técnico que subscribe figura por "erro" no inventario municipal como camiño público. Aínda coa consideración de que o citado camiño fose de titularidade pública, non reúne as mínimas condicións de urbanización necesarias para ser considerado urbanizado xa que para ser solar e poder obter licenzia de edificación deberían executar o viario previsto no PEMM de Esparraman. Este viario previsto no PEMM ó que darían fronte as parcelas obxecto de informe non conecta con viario existente e non ten continuidade con viario previsto no pxou (...)"

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Admisión do recurso de reposición interposto por dona Elena Vila Seijo e dona Purificación Seijo Seijo o 16.02.05.- O recurso de reposición se interpoñe en prazo e forma, polo tanto procede a admisión do mesmo de acordo co previsto no artigo 114 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

2.- Motivos de impugnación do acordo da Xunta de Goberno Local de 7.12.04.- Os motivos de impugnación do recurso interposto foron o seguintes:

- Primeiro.- Infracción das normas de procedemento.- O procedemento para a aprobación dun expediente de normalización de fincas, regúlase no artigo 122 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. Así mesmo, son de aplicación os preceptos do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, que non contradigan o antedito texto legal. O incoación dun expediente de normalización pode ser de oficio ou a solicitude de parte. En ambos casos, con posterioridade ó acordo de aprobación inicial, é necesario a apertura dun trámite de audiencia ós interesados. En ningún precepto legal ou regulamentario (artigos 117 do rd 3.288/78) se prevé a necesidade de practicar un trámite de audiencia previo á aprobación inicial do proxecto de normalización. Será con posterioridade, cando ós interesados ou propietarios, poidan presentar cantas alegacións e documentos estimen oportunos na defensa dos seus dereitos. Consta no expediente, escritos de alegacións presentados por dona Elena Vila Seijo e outros (22.07.04). Polo tanto, non procede apreciar a concurrencia de vicio procedimental algún.

- Segundo.- Errores na información tenida en consideración no expediente de normalización de fincas.- A tramitación do expediente de normalización de fincas, ven precedida da presentación dun proxecto técnico asinado por dona Milagros Álvarez Conde e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 28.04.04 (na súa última versión). No expediente consta plano topográfico presentado polos promotores. Non obstante, tra-la presentación do recurso requeriuse a emisión dun informe topográfico (reproducido parcialmente nos antecedentes), concluíndo o mesmo que non coincide a superficie contida no proxecto de normalización aprobado e a realidade. Esta diferenza poidera vir derivada da consideración como camiño unha parte das parcelas que figuran cos números 1 e 2. En conclusión, apreciase a concurrencia dun defecto de medición das parcelas de orixe que loxicamente deriva na existencia dunha incorrecta atribución de parcelas de resultado. Por outra parte, no expediente figuraba a existencia dun camiño que da acceso as actuais parcelas 1, 2, 3 e 4. A existencia dese camiño ven contemplada no inventario municipal de bens e viais. Non obstante, comprobada a documentación que obra no expediente e tendo en conta o informe técnico pode considerarse que se trata dun erro do inventario municipal, dadas as características do mesmo e a situación actual na que se encontra. Aun no caso de que tivera a consideración de camiño público, o mesmo carece da infraestrutura básica que permita que as parcelas resultantes teñan a condición de soar. Segundo informe técnico, o viario previsto no PEMM de "Esparraman" ó que darían fronte as parcelas en cuestión, non conecta co viario existente e non ten continuidade co viario previsto no vixente PXOU.
- Terceiro.- Disconformidade coa delimitación das fincas normalizadas e atribución da súa propiedade ós titulares das parcelas iniciais.- Tendo en conta o informado no anterior punto, non se pode considerar que exista unha correcta atribución de parcelas resultantes.

En efecto, ó carecer de frente público, perde calquera tipo de uso urbanístico susceptible de ser aproveitado polos seus propietarios. Aun no caso de que poidera considerarse como camiño público, o mesmo carece da infraestrutura necesaria o que derivaría na necesidade de execución previa ou simultánea a calquera tipo de acto edificatorio. O coste derivado de tal actuación, implicaría a necesidade da súa consideración no proxecto de normalización ou noutro caso se alteraría o equilibrio e proporcionalidade na adxudicación das parcelas de resultado, tendo en conta o disposto no artigo 118.4 do rd 3.288/78. Polo tanto, infórmase favorablemente a alegación presentada no recurso de reposición.

Por outra parte, resulta necesario considerar que esta Administración non ten competencia para dirimir conflitos entre particulares relativos a lindeiros e superficies das fincas, debendo acudir a xurisdicción ordinaria.

3.- Órgano competente para a resolución do recurso de reposición.- De acordo co previsto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/92 e 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, proponse a adopción do presente acordo:

1.- Estimar o recurso de reposición interposto por dona Elena Vila Seijo e dona Purificación Seijo Seijo contra o acordo da XGL de 16.02.05 e, polo tanto, anular a aprobación definitiva do expediente de normalización de predios da na unidade número 1 do PEMM "Esparramán". Todo elo, sen prexuízo de que os propietarios poidan presentar outra proposta de normalización, axustada á realidade e á normativa aplicable.

2.- Notificar o presente acordo ós interesados, informándolles que contra él non cabe recurso en vía administrativa, puidendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo. Dese conta do acordo ó Valedor do Cidadán.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1665).-RECEPCIÓN DE OBRAS DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN NA RÚA PASTORA, ENTRE TRAVESÍA DA PASTORA E A RÚA CESAREO GONZÁLEZ. EXPTE. 3072/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 22.11.05, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 3.11.94, adoptou o seguinte acordo: "(...) Primeiro.-Desestima-las alegacións formuladas polos motivos expostos no informe de data 24 de outubro de 1994 que se transcribe nos antecedentes deste acordo e aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da rúa Pastora, entre la Travesía Pastora e Cesáreo González, redactado polos sres Fraga Rivas, García-Quijada Romero e Portolés Sanjuán (...)"

Consta no expediente depósito de garantía en garantía da boa execución das obras de urbanización por importe de 9.082.050 ptas.

O 2.06.05 a arquitecta municipal informa o seguinte: "(...) Na data da visita de inspección os terreos obxecto de cesión estaban urbanizados polo que non existe inconveniente na devolución do aval depositado para este fin. Xirada visita de inspección ó mencionado edificio o día 19.05.05 comprobouse cas obras realizadas axústanse no básico ó proxecto autorizado, as condicións impostas na licencia e no apartado 3.8.11 das Normas urbanísticas do PXOU (reposición de viario, beirarrúas, arborado, conduccións, etc).

A enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras, informa o 26.10.05 o seguinte: "(...) Realizada visita de inspección a las obras de urbanización de la calle Pastora promovidas por Vigo Urban, S.L. y examinada la documentación aportada, se hace constar, por parte de esta Oficina de Supervisión de Proyectos e Inspección de Obras lo siguiente: Las obras se ajustan sensiblemente a lo descrito en el proyecto de urbanización aprobado, sin encontrar deficiencias, salvo vicios ocultos. En este punto, por lo tanto, no existe por parte de esta oficina inconveniente en proponer la recepción. (...)"

O 17.11.05 o adxunto ó director dos servizos técnicos informa o seguinte: "(...) El proyecto de urbanización que contiene la definición de las obras que se propone recibir, fue aprobado definitivamente por acuerdo plenario del 3 de Noviembre de 1994. Las obras fueron terminadas en Septiembre de 1997, y desde entonces no se ha solicitado su recepción por el promotor de las mismas, aunque la calle está en servicio, y por lo tanto entregada al servicio público, desde aquel momento. Dado el tiempo transcurrido y la desaparición de la sociedad promotora, procede actuar de oficio al amparo de la actual redacción de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, en concreto su artículo 147, para no entorpecer las distintas actuaciones que con el acto de recepción, están relacionadas. Por otro lado obra en el expediente, informe de la Oficina Municipal de Seguimiento de Proyectos e Inspección de Obras, en el sentido de que las mismas están conformes al Proyecto y sin aparentes deficiencias. Por estos motivos se propone la recepción de las obras del expediente de referencia (...)"

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Réxime xurídico aplicable.- De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas". O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes favorables da enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina municipal de seguimento de proxectos e inspección de obras e do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do RC, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigues a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP.

4.- Innecesariedade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado. Por outra parte, según o informe técnico a obra está posta a disposición do uso público dende setembro de 1997. Cabe aludir neste punto a xurisprudencia xa consolidada no senso de entender por recibidas tacitamente as obras terminadas que se poñen a disposición ou que se ocupan efectivamente.

5.- Órgano competente para a resolución do expediente.- É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de vías da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 26.10.05, así como o do adxunto ó director dos servizos técnicos 17.11.05, acordar a recepción das obras de urbanización da "Rúa Pastora entre a 1ª Trva. Pastora e Cesáreo González".

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós promotores da urbanización, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

30(1666).-ALEGACIÓN O ESTUDO INFORMATIVO: “AUTOVÍA A-57: PONTEVEDRA CONEXIÓN A-52”, EN DATA 29 DE OUTUBRO DE 2005

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe de data 2 de decembro de 2005, emitido polo adxunto ó director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo que dí o seguinte:

O MFOM expuso a información pública o Estudio Informativo:"Autovía A-57: Pontevedra Conexión A-52", en data 29 de outubro del 2005.

O estudo informativo nace en razón a unha Orde de Estudo de data 24 de xaneiro de 2003, publicándose o 15 de marzo do 2003 no BOE o anuncio da convocatoria do concurso público para a redacción do estudio.

O obxecto do dito estudo informativo foi, segundo a orde de estudo "desenvolver, con grao de detalle exisibile a un estudio informativo, as diferentes alternativas viables para a construción dunha autovía entre a autovía A-52 e Pontevedra

No mes de xaneiro do 2004 iníciáanse as consultas medioambientais xa que se expone a memoria resumen.

No proceso de redacción do Estudio Informativo comprobouse que as relacións entre Pontevedra e Porriño e Portugal ten maior peso que as existentes co resto do interior da provincia e coa península. Isto unido ó feito da saturación da N-550 obrigou a unha adaptación da orde de estudo, mediante unha modificación da orde de estudo, de finais do 2004, onde o abanico de contacto coa A-52 abríase ata o alto do Confurco.

Resumo

O estudo informativo desenvolveuse ata o momento en dúas fases a e b. Na fase a, traballase a unha escala global, e definíronse ata 48 alternativas de trazado, que na fase b, logo de ser discretizadas e evaluadas, quedaron en 8 alternativas de trazado distintas.

Con estas 8 alternativas realizouse unha análise multicriterio, resultando como alternativa optiva a 1, que parte do nó do Pino, compartindo traza coa prevista Circunvalación de Pontevedra, e conecta coa A-52 no lugar de O Confurco, a medio camiño entre Porriño e Pontearreas. Prevíéronse os seguintes enlaces: 1) intercambiador da circunvalación de Pontevedra (pk 2+000), 2) enlace coa CN-550 (pk 6+000), 3) enlace coa PO-244 (pk 15+ 500, Soutomaior), 4) no Pk 19+600 enlaza sobre a P-250 (Pazos de Borbén), 5) enlace coa PO-7201 (pk 26+600, Pontearreas).

O estudo da A-57 non sinala de forma expresa a necesidade dun ramal de conexión co aeroporto de Peinador-Vigo, ausencia destacada toda vez que o MFOM ten en marcha un Estudo Informativo para a planificación de a dita conexión, que é de extraordinaria relevancia para plantexar unha rede arterial de Vigo coherente que resolva a accesibilidade norte do área metropolitana.

Consideracións

O termo municipal de Vigo non está afectado polo trazado da A-57, en ningunha das variantes que se consideraron no propio Estudio Informativo, e tampouco polo tanto na opción recomendada.

É evidente sen embargo, que o Concello de Vigo veuse afectado pola planificación e desenvolvemento desta alternativa viaria, de interese xeral, e polo tanto está interesado en plantexar de forma xeral unha serie de consideracións ó trazado.

1.- A área funcional de Vigo comprende unha área metropolitana extensa, hoxe en día cunha accesibilidade e mobilidade deficiente, tanto pola carencia de infraestructuras de transporte adecuadas, entre elas as viarias, como polo déficit na xestión do transporte público de ámbito estatal como autonómico.

2.- A relación entre Vigo e a súa área funcional inmediata, coa cidade de Pontevedra é estratéxica no desenvolvemento do sur provincial, trátase das dúas cidades das sete galegas, que se atopan a menor distancia, inmersas nun área funcional, o eixo Vigo-Pontevedra-Vilagarcía, de extraordinario dinamismo tanto social como económico, un dos polos e motores económicos da Comunidade Galega. Por tanto xa na actualidade xéranse vínculos e sinerxias entre ámbalas dúas cidades, que encauzanse por medios totalmente inadecuados.

3.- Tódalas actuacións públicas que tendan a mellorar a infraestrutura ou a xestión do transporte entre ambas cidades ten por forza que impliar o interese público, son esenciais para non estrangular o dinamismo existente, e requiren o trámite de urxencia en canto seu planteamento e resolución.

4.- Por outro lado a infraestrutura viaria actual entre Vigo e Pontevedra é a todas luces insuficiente. O recorrido libre de peaxe, a N-550 e a N-552 non ten as características adecuadas en relación o carácter e funcionalidade das dúas cidades, e o dinamismo do área de Vigo no sur de Galicia. É un recorrido que non cumpre como recorrido alternativo ó actual de alta capacidade e de peaxe, a AP-9; máis ben, trátase dun corredur-rúa de apoio ó medio territorial inmediata. Ó non haber alternativa ó peaxe incúmplese, hai que sinalalo, un precepto básico desde o punto de vial legal, al menos funcionalmente.

5- Este percorrido da peaxe, a AP-9, que enlaza Pontevedra con Vigo, forma parte da chamada Autopista do Atlántico, que cruza de norte a sur a franxa litoral atlántica da comunidade, e enlaza esta con Portugal, e por vía de Alta Capacidade con Oporto e Lisboa. Pódese comentar que trátase dunha vía de peaxe, cun coste por km que duplica ó resto dos tramos do mesmo corredor, algo que só xustifícase no arbitrio dos termos concesionais, sean fundamentados ou no seu caso, probablemente obedezan a intereses inconfesables, en calquera caso incomprendibles. Aparte do tema doloroso desta peaxe sobre peaxe, trátase dunha vía de alta capacidade nun

corredor de comunicación europeo, que une España con Portugal, que incuestionablemente debe preservar o nivel de servizo para o tráfico de largo percorrido, entre este o internacional.

6.- *En realidade, a AP-6 cada vez en maior medida estase utilizando como vía canalizadora del tráfico metropolitano de Vigo, xerando situacións moi críticas en canto ó nivel de servizo e a seguridade vial, sobre todo nos arredores de Vigo, con tráfico sostenidos mensuais de 60.000 veh/día na ponte de Rande, en constante aumento. De seguir esa progresión, xa non digamos en caso de liberalización da peaxe, chegaríase no corto prazo ó colapso do sistema viario de acceso norte a Vigo.*

7.- *Nesa situación é responsabilidade da Administración Xeral do Estado o resolver a rede arterial metropolitana de Vigo, planeando de forma urxente percorridos de alta capacidade na área, que permitan establecer unha variante ou alternativa de accesos a Vigo e os seus centros productivos, e por tanto a A-57 cumpre parcialmente a dita funcionalidade ó conectar o norte-Pontevedra cos centros productivos de Porriño, pero como sinalouse só parcialmente.*

8.- *É innegable que Vigo precisa na actualidade dunha alternativa real é rápida, de alta capacidade, para potenciar a súa accesibilidade norte, é dicir, unha alternativa viaria a Ponte de Rande. As actuacións que se poidan realizar sobre a propia AP-9 para mellorar a súa capacidade e nivel de servizo son en todo caso parciais e provisionais. Na actualidade este corredor que non é só de penetración a Vigo, senon que soporta tráfico de largo percorrido e os periurbanos.*

9.- *Por tanto a solución da A-57 é só parcial, xa que necesariamente esta vía debe vir acompañada dun ramal de enlace que una a mesma con Redondela e penetre a Vigo polo norte, accedendo ó aeroporto de Peinador, y por ende, á AP-9 no dito punto, e o sistema viario urbano de Vigo, é dicir, ó sistema da Avda. do Aeroporto e á Ronda de Vigo, prevista no planeamento xeral de Vigo, aprobado inicialmente.*

10.- *É obrigado que o MFOM acelere ó máximo o Estudo Informativo deste enlace, xa licitado, e que concrete as medidas necesarias para este conxugue a traza da A-57, a circunvalación de Redondela, a conexión coa N-550, e o acceso ata Peinador.*

11.- *É obrigado que o MFOM teña en conta as previsións e reservas viarias de Vigo na zona de Peinador. O Concello de Vigo remitiu un "estudo de ordenación das conexións dos viais que conflúen no contorno do aeroporto de Peinador" de decembro de 2000, tanto a Aena para a súa consideración no Plan Director do Aeroporto, como ó servizo de estradas do MFOM, sendo en ambos casos aceptado nos seus plantexamentos básicos. O plantexamento viario recollido no dito estudo, potenciado co novo acceso ó Aeroporto desde a Ronda de Vigo, plasmouse no documento de aprobación inicial do PXOM de Vigo, por tanto responde claramente a un documento que foi nalgunha medida consensuado, e que adelantábase ás previsións do MFOM da mellora de comunicacións entre Vigo e Redondela polo Alto dos Valos.*

Conclusións

1. *Sería desexable que o MFOM acelerase a redacción do estudo da conexión entre a A-57 e o aeroporto de Peinador e compatibilizara o dito ramal co resto de actuacións programadas así como co viario existente.*
2. *Para iso, o MFOM debería ter presente as previsións viarias que xa foron reservadas polo Concello de Vigo no seu planeamento municipal, anticipando o Concello as necesidades viarias que estanse concretando nestos estudos informativos.*
3. *Solicitar ó MFOM para que axilice os ditos trámites, dada a urxencia de plantexar alternativas viarias de alta capacidade que resolvan a accesibilidade norte de Vigo, e en concreto, a conectividade e accesibilidade hacia Pontevedra, como alternativas reais ó saturado tramo da AP-9 entre Rande e a cidade de Vigo."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba o informe e conclusións transcritos anteriormente.

31(1667).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE EVACUACIÓN MEDIANTE ESCALEIRA EXTERIOR NO EDIFICIO DA CASA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10657/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto proxecto de instalación dun sistema de evacuación mediante escaleira exterior no edificio da Casa do Concello de Vigo redactado polo enxeñeiro industrial, Sr. Crespo Casal, o prego de condicións técnicas para dita contratación, do 20.10.05, asinado polo enxeñeiro industrial municipal, Sr. Crespo Casal, o prego de cláusulas administrativas, do 18.11.05, asinado polo xefe de negociado de Contratación e conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico de 1.12.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 18.11.05, conformado polo xefe da Área de contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Xestión Municipal e polo interventor municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de instalación dun sistema de evacuación mediante escaleira exterior no edificio da casa do concello de Vigo redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Alvaro Crespo Casal.

2º.- Autorizar o gasto de 277.017,70 euros para a execución do proxecto de instalación dun sistema de evacuación mediante escaleira exterior no edificio da casa do concello de Vigo que estan consignados nas partida 121.0.632.00.00 do presuposto do ano 2005.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto das obras de instalación dun sistema de evacuación mediante escaleira exterior no edificio da casa do concello de Vigo.

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente por tramite de urxencia.

32(1668).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DUN PLAN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 477/334.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da asistencia técnica para a redacción dun plan de normalización Lingüística do Concello de Vigo, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, do 26.10.05, e conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico de 30.11.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 26.10.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro delegado de Normalización Lingüística e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 52.000 euros para a contratación da asistencia técnica para a redacción do plan de normalización lingüística do Concello de Vigo que se imputarán á partida 4633.227.06.04 dos presupostos dos anos 2005 (33.800 euros) e 2006 (18.200 euros).

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a contratación da asistencia técnica para a redacción do plan de normalización lingüística do Concello de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

33(1669).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DA PISTA DEPORTIVA DO PAVILLÓN DE COIA. EXPTE. 5792/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de obras de substitución do pavimento da pista deportiva do Pavillón de Coia, redactado polo aparelador municipal Sr. Carrera Mouriño, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo director deportivo do IMD, do 30.11.05, e conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local; visto o informe xurídico de 1.12.05 e de acordo co informe-proposta do xefe director deportivo do IMD, do 2.12.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas e o Proxecto redactado polo arquitecto técnico municipal D. Miguel A. Carrera Mouriño, co fin de proceder á contratación pola modalidade de PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE das OBRAS DE DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DA PISTA DEPORTIVA DO PAVILLÓN DE COIA.

2º.- A tramitación do expediente farase consonte co disposto no artigo 69 do TRLCAP, coma anticipado de gasto, advertíndose o disposto no artigo 69 do TRLCAP e tendo en conta que o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, somete a adxudicación á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas deste contrato.

34(1670).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DUN MÓDULO DE VESTIARIOS NO CAMPO DE CANDEÁN”. EXPTE. 5781/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de obras de execución dun módulo de vestiarios no campo de Candeán, redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llopiz, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo director deportivo do IMD, do 30.11.05, e conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local; visto o informe xurídico de 1.12.05 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.12.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas e o Proxecto redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llopiz, co fin de proceder á contratación pola modalidade de PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA EXECUCIÓN DUN MÓDULO DE VESTIARIOS NO CAMPO DE CANDEÁN”.

2º.- A tramitación do expediente farase consonte co disposto no artigo 69 do TRLCAP, coma anticipado de gasto, advertíndose o disposto no artigo 69 do TRLCAP e tendo en conta que o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, somete a adxudicación á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas deste contrato.

3581671).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DAS OBRAS DE REFORMA ELÉCTRICA E ADECUACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 5606/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación das obras de reforma eléctrica e adecuación á normativa vixente no Estadio municipal Balaídos, asinado polo enxeñeiro industrial municipal, Sr. Crespo Casal, do 13.10.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, do 16.11.05, e conformado polo xefe da Área de Contratación; visto o informe xurídico de 1.12.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 17.11.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, a concelleira de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de reforma eléctrica e adecuación á normativa vixente no estadio municipal de Balaídos redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Alvaro Crespo Casal.

2º.- Autorizar o gasto de 72.797,19 euros para a execución do proxecto de reforma eléctrica e adecuación á normativa vixente no estadio municipal de Balaídos que están consignados nas partidas 4521.213.00.01 do presuposto do ano 2005.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto das obras de reforma eléctrica e adecuación á normativa vixente no estadio municipal de Balaídos .

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente por tramite de urxencia.

36(1672).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR CONCURSO, DA REDACCIÓN DO PROXECTO E POSTERIOR EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E REFORZO DO MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS E PECHE DO XARDÍN HISTÓRICO DE CASTRELOS. EXPTE. 3092/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da redacción do proxecto e posterior execución das obras de rehabilitación e reforzo e posterior execución das obras de rehabilitación e reforzo do muro de contención de terras e peche do xardín histórico de Castrelos, do 8.11.05, asinado polo adxundo ao director de Servizos Técnicos, Sr. Aguirre Rodríguez, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, do 21.11.05, e conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico de 1.12.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 18.11.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 317.767 euros para a redacción do proxecto e posterior execución das obras de rehabilitación e reforzo do muro de contención de terras e peche do xardín histórico de Castrelos que están consignados nas partida 4531.210.00.04 do presuposto do ano 2005.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto da redacción do proxecto e posterior execución das obras de rehabilitación e reforzo do muro de contención de terras e peche do xardín histórico de Castrelos.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente por trámite de urxencia.

37(1673).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA NO AREAL DA PUNTA-TEIS (VIGO). EXPTE. 3811/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de execución de mellora de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida no Areal da Punta-Teis, asinado polo enxeñeiro-técnico de Obras Públicas, Sr. Fernández Mosquera, o prego de cláusulas administrativas para a contratación de ditas obras, de 22.11.05, asinado polo xefe de negociado de Contratación e conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o conforme do titular da Asesoría Xurídica e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Medio Ambiente, de 1.12.05, conformado polo técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e consumo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o «*Proxecto [de execución] de Mellora da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida no Areal da Punta-Teis (Vigo)*», asinado polo enxeñeiro-técnico de OO.PP. D. Fidel Fernández Mosquera (*SERCOYSA Proyectos y Obras, S.A.*), por encargo da concellería de Medio Ambiente (exp. nº 3762/306), que foi informado favorablemente pola Oficina municipal de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras o 30.11.2005.

2º.- Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras incluídas no citado proxecto.

3º.- Autorizar o gasto derivado desta contratación, por importe total de 55.913,52 €, IVE incluído, que será financiado con cargo ó crédito existente na partida nº 4533.601.00.00 dos orzamentos municipais vixentes para o exercicio de 2005.

38(1674).-BASES PARA A ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS AOS TITULARES DE AUTOTAXIS DA CIDADE PARA INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGUIMENTO, LOCALIZACIÓN E OUTROS ELEMENTOS DE SEGURIDADE, ANO 2005. EXPTE. 70886/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, do 28.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases para a adxudicación de subvencións aos titulares de autotaxis da cidade para a instalación de sistemas de seguimento, localización e outros elementos de seguridade, para o presente ano 2005.

2º.- Ordenar a publicación da convocatoria na prensa local, de conformidade co disposto na base terceira das aprobadas para a adxudicación, concedendo un prazo de dez días para a presentación das solicitudes.

BASES PARA A ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS OS TITULARES DAS LICENCIAS DE AUTOTAXI DA CIDADE DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGUIMENTO, LOCALIZACIÓN E OUTROS ELEMENTOS DE SEGURIDADE. Ano 2005

PRIMEIRA.- O Concello de Vigo convoca subvencións para a dotación de equipos de seguimento e localización y/o mamparas de seguridade nos taxis da Cidade, de conformidade co acordo alcanzado no seu día cos representantes dos taxistas, polo que se subvencionará o 30% do custo do sistemas de seguridade instalados nos vehículos, e como complemento do 50% subvencionado pola Xunta de Galicia.

SEGUNDA.- Poderán solicitar a subvención os titulares de licencia de taxi da cidade de Vigo, con excepción daqueles os que se lle concedera polo Concello nos exercicios anteriores.

TERCEIRA.- As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello polos titulares da licencia, no prazo de DEZ DIAS contados a partir da publicación do anuncio da convocatoria nos medios de comunicación local, adxuntando a seguinte documentación :

- Fotocopia compulsada do D.N.I. do solicitante.
- Certificado de non ter débedas coa Seguridade Social.
- Certificado de non ter débedas coa Facenda Pública.
- Certificado ou informe tributario de non ter débedas co Concello de Vigo.
- Fotocopia compulsada do permiso de Circulación do vehículo.
- Marca e modelo do sistema de seguridade elixido polo solicitante.
- Certificado de homologación do sistema de seguridade elixido ou certificado de haber superado a I.T.V. coa mampara instalada.
- Factura pro forma do sistema elixido para instalar, ou fotocopia compulsada da factura no caso de que xa se houbera levado a cabo a instalación.
- Certificación de ser titular dunha conta bancaria, expedido pola entidade bancaria respectiva, a fin de efectua-lo ingreso do pagamento da cantidade concedida.

CUARTA.- Tendo en conta que as subvencións so poden ser solicitadas polos titulares de licencia de taxis de Vigo, e que do total de titulares de licencias, somentes poderán solicitar subvención 232 titulares que aínda non tiveron subvención nos pasados anos, e debido a premura do tempo a forma de notificación será a notificación personalizada a cada un deles, ademais da publicación das bases na prensa local, co que quedan garantizados os principios de libre concurrencia e publicidade.

Recórdase que soamente poderá solicitarse subvención para un único sistema de seguridade e co límite de 30% do custo total, debendo facer constar na solicitude o sistema elixido.

QUINTA.- A resolución de solicitudes será competencia da Xunta de Goberno Local, previa a emisión dos correspondentes informes pola Área de Tráfico, Seguridade e Transportes e realizarase nun prazo máximo de DOUS MESES desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTA.- Os criterios de adxudicación serán os seguintes:

- A orde de presentación de solicitudes.
- A efectiva instalación do sistema elexido.

SÉPTIMA.- Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos na cláusula Terceira, requirirase o solicitante para que nun prazo de DEZ DÍAS aporte a documentación necesaria.

OITAVA.- As subvencións concederásen con cargo á partida presupuestaria 2220.4700000 – “Subvencións de elementos de seguridade nos taxis e outros”, e ata un importe máximo de 3.192,00 Euros.

NOVENA.- Concedida a subvención e notificada a concesión ós solicitantes, éstos deberán presentar no prazo de DEZ DÍAS, factura orixinal do equipo instalado.

39(1675).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER E O CONCELLO DE VIGO PARA A MELLORA DO FUNCIONAMENTO E DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO DE ATENCIÓN A MULELRES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DEPENDENTE DO CONCELLO. EXPTE. 2195/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de 2.12.05, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo da Muller, do 2.12.05, conformado pola concelleira da Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER E O CONCELLO DE VIGO PARA A MELLORA DO FUNCIONAMENTO E DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DEPENDENTE DO CONCELLO.

Santiago de Compostela, de de 2005

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Ana Luísa Bouza Santiago, directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, que actúa en nome e representación deste organismo, segundo o Decreto 413/2005, do 26 de agosto, polo que se dispón o seu nomeamento.

E doutra:

Dona Lucía Molares Pérez, concelleira da Muller do Concello de Vigo, que actúa no seu nome e representación segundo dispón o seu nomeamento.

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para conveniar en nome das entidades que representan teñen conferidas,

MANIFESTAN

Primeiro.- *Que as competencias en materia relativas á muller exércense fundamentalmente a través do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e que se rexe en canto aos seus obxectivos, funcións, estrutura e funcionamento polo previsto na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, da súa creación, e polas normas que a desenvolven.*

Segundo.- *Que no exercicio das súas competencias ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller correspóndelle promover medidas para a consecución efectiva da igualdade das mulleres, coordinar e avaliar plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que realicen as administracións locais a prol dos obxectivos establecidos na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro.*

Terceiro.- *Que na Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establécense as medidas que a Xunta de Galicia promoverá nas áreas de prevención, intervención e integración para a erradicación da violencia contra as mulleres, así, atenderá as necesidades temporais de vivenda das vítimas cunha rede de casas de acollida, ofrecerá programas de atención especializada e promoverá a colaboración coas demais administracións públicas nas accións referentes a estas áreas de actuación.*

Cuarto.- *Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.*

Quinto.- *Que o Concello de Vigo é titular dunha casa de acollida, centro autorizado e en funcionamento, para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero incluída na rede autonómica de centros de atención a mulleres.*

Sexto.- *Que o Concello de Vigo e mailo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller consideran esencial a realización dun programa de mellora de accesibilidade integral respecto dos recursos existentes para a mellora da atención que se presta ás vítimas.*

Por todo o exposto ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o Concello de Vigo para a mellora de accesibilidade, tanto nas instalacións coma no funcionamento do centro municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, para a posta en marcha de novos recursos que permitan ampliar a atención a mulleres vítimas que polas súas circunstancias están excluídas dos recursos xenéricos existentes en aplicación do disposto no artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro.

SEGUNDA. CONTIDO

O concello comprométese a desenvolver un programa de accesibilidade que inclúa melloras nas instalacións e/ou no equipamento do centro, coa realización de obras e adquisición de mobiliario e utensilios e/ou equipamento informático ou outro equipamento, necesario para mellorar os recursos existentes para prestar o servizo integral de atención, emerxencia, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres que esixe a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

TERCEIRA. ORZAMENTO

Para a realización das actuacións obxecto deste convenio o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller aboará con cargo á aplicación orzamentaria 14.50.212 A.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2005, a cantidade de 10.000,00 € (dez mil euros) para o financiamento dos gastos derivados dos investimentos realizados en obras, mobiliario e/ou equipamentos.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN

O concello presentará a xustificación para o pagamento único mediante:

- a) Certificación de gastos realmente efectuados expedida polo órgano competente que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade dos fondos, indicando o tipo de gasto e o seu importe, de conformidade co disposto no apartado 2.c) do artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.
- b) Declaración da entidade comprensiva de tódalas axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades para as accións obxecto deste convenio.

QUINTA.COMPROMISOS

O Concello comprométese a:

- a) *Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.*
- b) *Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.*
- c) *Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos.*
- d) *Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e do Servizo Galego de Promoción de Igualdade do Home e da Muller.*
- e) *Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*
- f) *Comunicar ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público.*
- g) *Cumprir co resto das obrigas recollidas no parágrafo 4 do artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada a este precepto pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.*

SEXTA. VIXENCIA

O presente convenio amparará as accións desenvolvidas para o cumprimento dos obxectivos do mesmo durante o exercicio de 2005 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2005.

SÉTIMA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e as persoas ou profesionais dependentes do centro que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este organismo autónomo responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

OITAVA. MODIFICACIÓN E REVOGACIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

NOVENA. NATUREZA ADMINISTRATIVA DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose ós seus efectos polas cláusulas establecidas no mesmo, e no seu defecto, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo, e, se é o caso, da competencia do Tribunal Constitucional. Igualmente seralle de aplicación o previsto en materia de subvencións polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o

réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O seguimento da evolución deste convenio encoméndase á Secretaría do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Para a interpretación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada por unha persoa designada pola directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e por un/unha representante da entidade local.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en proba da súa conformidade, ámbalas dúas partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

40(1676).-PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 3525/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora do Plan municipal de Emprego, do 24.11.05, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o procedemento para a selección do equipo técnico para o desenvolvemento do proxecto “Actívate”, nos termos expostos nas bases que de seguido se achegan.

BASES PARA A SELECCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO DO PROXECTO “ACTÍVATE”

1) DURACIÓN DAS CONTRATACIÓN:

Ata fin do proxecto (aprox. 18 meses), excepto no caso do/a técnico/a en autoemprego que será seleccionado máis adiante, durante aprox. 12 meses.

2) POSTOS DE TRABALLO

- 1 COORDINADOR/A.
- 1 TÉCNICO/A EN ADMINISTRACIÓN.
- 1 ADMINISTRATIVO/A.
- 3 TÉCNICOS/AS EN ORIENTACIÓN-INSERCIÓN.
- 1 TÉCNICO/A EN AUTOEMPREGO.

3) FUNCIÓN E PERFIL REQUIRIDO

➤ 1 COORDINADOR/A

- *Funcións: coordinación do equipo técnico e docente implicado no proxecto; relacións coas entidades do entorno e especialmente coa rede de entidades para a realización de prácticas profesionais; control e xestión económica; difusión e comunicación do proxecto; avaliación continua do persoal e das accións; procesos de selección de docentes-titores/as.*

- *Perfil:*

Imprescindible:

- Titulación universitaria media ou superior.*
- Experiencia demostrable, mínima de 1 ano, en coordinación de equipos de traballo.*
- Experiencia demostrable en xestión de proxectos de emprego.*

Valorarase:

- Informática, internet*
- Galego*

➤ 1 TÉCNICO/A EN ADMINISTRACIÓN

- *Funcións: xestión financeira e laboral do proxecto; facturación e control de material; xestión das bases de datos; xustificación de gastos.*

- *Perfil:*

Imprescindible:

- Titulación universitaria media ou superior.*
- Experiencia demostrable, mínima de 1 ano, en administración de proxectos na administración pública, preferente de emprego.*

Valorarase:

- Informática, internet.*
- Galego.*

➤ 1 ADMINISTRATIVO/A.

- *Funcións: Apoio a todo o equipo e, especialmente, ao departamento de administración, na realización de tarefas administrativas en xeral; recepción e información a persoas.*

- *Perfil:*

Imprescindible:

- Mínimo FP II secretariado, FP II administrativo, ou equivalente.*
- Experiencia demostrable, mínima de 1 ano, como auxiliar administrativo/a ou administrativo/a.*

Valorarase:

- Informática, internet*
- Galego*

➤ 3 TÉCNICOS/AS EN ORIENTACIÓN-INSERCIÓN.

- *Funcións: Prospección do mercado laboral nas áreas do proxecto para acadar información, concertar prácticas e fomentar a inserción; entrevistas profesionais de selección de participantes; titorización; impartición de módulos de habilidades sociais e técnicas de busca de emprego.*

- *Perfil:*

Imprescindible:

- Titulación universitaria media ou superior.*
- Experiencia demostrable, mínima de 1 ano, en orientación laboral e/ou inserción.*
- Experiencia docente.*

Valorarase:

- Informática, internet*
- Galego*

➤ 1 TÉCNICO/A EN AUTOEMPREGO.

- *Funcións: Motivación e captación de ideas empresariais; apoio personalizado a proxectos empresariais; realización de planes de viabilidade empresarial; impartición de módulos de sensibilización empresarial e creación de empresas.*

- *Perfil:*

Imprescindible:

- Titulación universitaria media ou superior.*
- Experiencia demostrable, mínima de 1 ano, en asesoramento á creación de empresas (estudios de viabilidade, plans de empresa, subvencións, etc).*
- Experiencia docente.*

Valorarase:

- Informática, internet*
- Galego*

4) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

- Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local.

- *Os/as candidatos/a interesados/ presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 6ª destas bases.*
- *Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarse orixinal da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.*
- *Para acreditar a formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas. Os cursos que non especifiquen o número de horas non serán valorados.*
- *Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.*
- *Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.*

- A partir da data de publicación dos resultados da baremación na páxina web (<http://emprego.vigo.org>) haberá tres días para solicitar aclaracións, mediante cita previa.
- Aos/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselles a presentación de fotocopias compulsadas (ou cotexadas pola propia concellaría) do resto das acreditacións. (A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo).

➤ Entrevista persoal ante a Comisión de Selección. Esta decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a esta fase.

A puntuación máxima da entrevista será de 5 puntos, que se sumarán á puntuación obtida na fase de concurso de méritos.

A Comisión de Selección estará composta polos seguintes membros:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo, ou persoa en quen delegue.
- Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, ou persoa en quen delegue.
- Xefe da Unidade de Persoal, ou persoa en quen delegue.
- Un/unha técnico/a municipal, nomeado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.
- Un/unha representante da parte social do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, de acordo co estipulado no seu artigo 18.

5) CRITERIOS DE BAREMACIÓN

1º) Titulación universitaria superior: 1 punto (só para o posto de coordinador/a).

2º) Experiencia laboral directamente relacionada coa actividade a desenvolver: 0,1 ptos por mes (ata un máximo de 6 ptos).

3º) Formación complementaria (recibida ou impartida) directamente relacionada coa actividade a desenvolver (ata un máximo de 2 ptos):

Horas lectivas	Puntuación
De 20 a 49	0.1
De 50 a 99	0.2
De 100 a 199	0.3
De 200 a 299	0.4
300 ou máis	0.5

4º) Galego (ata un máximo de 1 punto): Curso de Iniciación: 0,25 ptos; Perfeccionamento: 0,25 ptos. Linguaxe administrativa galega: 0,25 ptos por cada curso. Outros cursos (como no punto 3º). Validación de cursos de iniciación e perfeccionamento: 0,10.

5º) Outros méritos relacionados (ata un máximo de 1 pto): Informática (como no punto 3º); postgraos sen nº de horas; publicacións, etc.

6) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- *Prazo: 10 días hábiles a partir do seguinte á data de publicación do anuncio.*
- *Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido á Comisión de Selección do Equipo do Proxecto “Actívate”, Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.*
- *Horario de entrega: de 9:00 a 13:00 horas.*
- *Documentación a entregar: Instancia solicitando participar no proceso de selección definindo o posto ao que opte, Currículo Vitae, orixinal da vida laboral, fotocopia das acreditacións e do DNI. No caso de optar a máis dun posto, entregarase instancia, Currículo Vitae, orixinal (ou fotocopia compulsada) da vida laboral, fotocopia das acreditacións e do DNI por cada posto ao que se opte.*

(Máis información na páxina web <http://emprego.vigo.org>, nos teléfonos 986 810232/34 ou nas dependencias da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego -4º planta da Casa do Concello-, onde tamén poderán recollerse as bases do proceso de selección).

41(1677).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “VIGO DIXITAL”. EXPTE. 861/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 30.09.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 29.11.05, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración coa Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para o desenvolvemento do proxecto “Vigo Dixital” dentro do programa “Cidades Dixitais”.

2º.- Realizar a encomenda de xestión do proxecto no funcionario Francisco J. Gutiérrez Orúe, xefe de Participación e Atención Cidadá.

3º.- Autorizar o gasto de 100.000,00 € con cargo a partida 422.0 227.06.01 dos orzamentos correspondentes o ano 2005. Xerar créditos polos importes de 50.000,00 € e 75.000,00 € con cargo a partida 422.0 227.06.01 correspondentes a aportación do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e Xunta de Galicia respectivamente.

4º.- Autorizar o gasto de 100.000,00 € con cargo a partida 422.0 227.06.01 dos orzamentos correspondentes o ano 2006. Xerar crédito polo importe de 50.000,00 € con cargo a partida 422.0 227.06.01 correspondentes a aportación do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

5º.- Autorizar o gasto de 100.000,00 € con cargo a partida 422.0 227.06.01 dos orzamentos correspondentes o ano 2007. Xerar crédito polo importe de 63.405,00 € con cargo a partida 422.0 227.06.01 correspondentes a aportación do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

42(1678).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez